

PROCEDEMENTO: CT302F - Subvencións a festivais de música ,convocatoria 2024

ASUNTO: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

#### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 14 de maio de 2024, o Diario Oficial de Galicia, nº 93, publicou a Resolución do 25 de abril de 2024 polo que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en rexime de concorrencia competitiva, a festivais de música e a súa convocatoria para o ano 2024 (Código de procedemento CT302F).

2. O artigo 14 destas bases recolle que constituirase unha comisión de valoración das solicitudes presentadas.

A Comisión de Valoración será nomeada pola persoa titular da Dirección da Agadic e estará constituída por:

- a) Dúas persoas do cadro de persoal da Agadic, unha das cales asumirá a presidencia.
- b) Tres persoas expertas do ámbito musical para a valoración dos criterios artísticos
- c) Unha persoa do cadro de persoal da Agadic, sen dereito a voto, que fará as funcións de secretario/a.

A mesma base recolle tamén que "a condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso".

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".

En base ao exposto

#### RESOLVO:

Nomear a comisión de avaliación deste procedemento de subvencións, que segundo o artigo 15 das bases terá a seguinte composición:

- Como persoas do cadro de persoal de Agadic, para a avaliación dos criterios automáticos
  - Marcelina Calvo Domínguez, en calidade de Presidenta
  - María Paredes Rodríguez, en calidade de vogal



- Como persoas expertas do ámbito musical, para a avaliación dos criterios artísticos

- Carlos Ramos Fernández, en calidade de vogal
- Patricia Blanco Suárez, en calidade de vogal
- Nonito Pereira Rey, en calidade de vogal

- Como persoa do cadro de persoal da Agadic, sen dereito a voto, que fará as funcións de secretaria da comisión:

Patricia Bugallo Rivas

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

